

Roteiro do Boceło



Igrexa de San Xoán de Vilamourel 4

Esta igrexa responde á tipoloxía dos templos románicos da zona das Mariñas, cunha soa nave de forma rectangular cuberta de madeira e un ábside abovedado no interior. A sancristía, parte dos muros e a fachada, son froito dunha reforma moderna, posiblemente de finais do século XVIII ou primeiros anos do XIX.



Lagar de Vilamourel 5

Usado antigamente para facer viño, esta construción podería ter 250 anos. Foi reconstruído e inaugurado en novembro do 2008. Atópase na parroquia de San Xoán de Vilamourel, na beira do camiño.



Balneario de O Boceło 2



Antiga fonte e balneario de augas sulfurosas situado no lugar de "O Boceło" na parroquia de Vilamourel, na orilla do río Mandeo. Os edificios, do século XX, a día de hoxe atópanse en estado ruinoso pero nos anos trinta foron moi concurridos, ata que un incendio nos anos corenta deixou sumido no olvido.

Descrición

Esta ruta está deseñada para presentar os valores naturais e paisaxísticos máis representativos da zona. Nela ides atopar tramos suaves que, tras períodos de fortes choivas, co río Mandeo crecido, poden ser complicados de atravesar. Tamén atoparedes camiños históricos que eran utilizados fai moitos anos polas xentes do lugar para acceder ó bosque e ó río ademais de serviren, cando na primeira metade do século XX funcionaba o Balneario do Boceło, para achegarse ata este lugar.

A ruta discorre a través dun espazo natural integrado na Rede Natura 2000, coñecido como LIC (Lugar de Interese Comunitario) Mandeo-Betanzos. Este LIC esténdese desde a desembocadura do río Mandeo ata Ponte Aranga, ten unha extensión de 1020 ha e inclúe os concellos de Aranga, Bergondo, Betanzos, Coirós, Irixoa, Miño, Paderne, e Oza dos Ríos.

A ruta que propomos asómase á maioría dos ecosistemas que encerra este LIC, incluídos as paisaxes rurais. Presenta e resume os valores do lugar. Rogámosvos coidado e respecto coa contorna.

Ides a camiñar por zonas nas que a sociedade humana e a natureza atópanse producindo unha paisaxe rural fermosa e ben conservada. Esperamos que vos emocionedes con cada tramo, que gocedes con cada recodo da paisaxe e que descubrades unha ruta para gozar en cada estación do ano, pois a paisaxe cambia e muda o seu manto en cada unha delas.

Trátase dun percorrido circular. Comezando en Chelo e subindo cara ó Boceło (río arriba), o seguimento das sinais vai ser máis evidente. No sentido contrario, a ruta resultará máis esixente: as sinais están un pouco máis espaciadas para invitarvos a utilizar a vosa intuición; ademais os desniveis para afrontar preséntanse máis abruptos. Recomendamos, polo tanto, empezar co itinerario Chelo-Boceło e, nunha próxima visita, facer o percorrido en sentido inverso. Ou tamén empezar nalgunha das aldeas polas que pasa o percorrido.

1 Vostede atópase aquí. Lugar de Chelo. Punto de inicio recomendado.

2 Balneario de "O Boceło" (fonte de augas sulfurosas).

3 Lugar de Medín (Vilamourel).

4 Lugar de San Xoán de Vilamourel.

5 Lugar de Calzada (Vilamourel).

Tramo complicado de pasar en épocas de intensas choivas. Nalgunhas zonas o camiño podería estar anegado polo río.

Marcas indicativas

- Continuidade do percorrido.
- Cambio de dirección.
- Camiño equivocado

